

# CONVOCATORIA 2015 PROGRAMA ERASMUS+

**MOBILIDADE INTERNACIONAL DE DOCENTES E PAS.**

Curso Académico 2014-2015

# **BASES DA CONVOCATORIA**

## **1. OBXETO DA CONVOCATORIA E DESCRICIÓN DO PROGRAMA.**

**A escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Faílde convoca unha plaza de mobilidade para personal docente no vixente curso, que engloba só un dos tipos de mobilidade existente.**

STT: Mobilidade de personal docente e non docente dunha institución de educación superior cunha duración de 2 días a 2 meses, excluídos os días da viaxe. A institución de acollida pode ser: Unha institución de educación superior en posesión da carta Erasmus (ECHE) ou calquer organización de carácter público ou privado no eido do Mercado de traballo e dos distintos sectores da educación, formación e xuventude. A principal actividade é unha breve estadía na institución social que pode denominarse de varios xeitos: breves comisións de servizos, observacións de profesionais, visitas de estudos...

**A finalidade do programa é contribuir a unha maior interrelación entre as institucións de educación superior europeas e a creación de Espazo Europeo de Educación Superior a través dun mellor coñecemento mútuo entre comunidades educativas e a progresiva armonización dos seus plans de estudos e métodos docentes.**

**Na presente convocatoria de carácter extraordinario se informa ao personal da EASD Antonio Faílde das condicións do programa Erasmus para o vixente curso 2014-2015.**

## **2. NORMATIVA APLICABLE.**

Esta primeira convocatoria se rixe polos termos do programa Erasmus+ e o regulamento de mobilidade Erasmus+ iniciado pola vicedirectora do Centro Elena Iglesias da EASD Antonio Faílde.

**Esta convocatoria se poderá consultar no taboleiro de Erasmus da escola e na web**

<http://www.escolarte.com/movilidad-de-persoal/>

## **3. FINANCIACIÓN DO PROGRAMA.**

A financiación das mobilidades do personal da presente convocatoria corresponde aos fondos europeos.

## **4. REQUISITOS DOS SOLICITANTES.**

Para poder participar na presente convocatoria, os solicitantes deberán:

- Formar parte da nómina da Xunta de Galicia, tanto no momento de presentar a solicitude coma no momento de disfrutar da estancia.
- Os docentes, no momento de realizar a mobilidade, deben recibir formación dentro dun plan de estudos de primer nivel: Ciclos formativos de Grao superior e/ou Grao.
- Estar nacionalizados nalgún dos países participantes no programa ou terceiros países, neste caso deberá acreditar que está na posesión dun permiso válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade,

## **5. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE.**

Para poder participar no programa de mobilidade Erasmus+, os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación na secretaría do centro:

1. Impreso da solicitude. Se pode descargar na web do centro.
2. CV Europeo. EuroPass
3. Programa provisional da mobilidade
4. Documentación adicional xustificativa. (Consultar o apartado 9, criterios da selección)

Todo os documentos se presentarán en formato papel debidamente cumprimentados e asinados.

A presentación da solicitude implica, coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e do regulamento.

## **6. DURACIÓN E DATAS DA ESTANCIA.**

A estancia do personal por parte da EASD Antonio Faílde está limitada a un máximo de unha semana.

Equivale a 5 días laborables completos na institución de acollida. E se poderán conceder ata un máximo de dúas axudas de mobilidade por persoa, sendo obrigatorio neste caso que as estancias se xustifiquen como datas e viaxes distintos.

## 7. ADXUDICACIÓN DE BECAS E DESTINOS.

A selección dos participantes destas mobilidades se realizará en base os criterios e baremos fixados nestas bases.

A resolución da convocatoria se leva a cabo pola Comisión de Relacións Internacionais que establecerá unha lista priorizada que seguirá a orde de puntuación obtido na aplicación do baremo tendo en conta o seguinte:

- Se reservará unha das prazas adxudicadas pola OAPEE para a participación dos membros da comisión RRII, no caso de solicitude de algún dos membros na modalidade de formación.
- Para favorecer a igualdade de oportunidades:
  - A adxudicación das prazas sera equilibrada entre personal docente e non docente.
  - Si se obtén al menos o mínimo da puntuación establecida no baremo, pero o solicitante xa participou nos dous últimos anos académicos nestas convocatorias, suporá, independente da puntuación obtida, a incorporación o final da lista.

Na resolución se asignará a situación do: titular, suplente, excuído...

E se fará pública no tablón de anuncios da escolar e na web.

Os destinos se adxudican por riguroso orde e preferencia dos candidatos. As suplencias se producen no caso de renuncias xustificadas formalmente. E a aceptación da praza suporá a renuncia a outros destinos da mobilidade internacional.

O incumprimento dos trámites e prazos estabrecidos na convocatoria poderá derivar na perda da mobilidade Erasmus concedida, o que leva a perda da praza e a adxudicación a outro candidato.

Os adxudicatarios, personal docente e non docente, do programa de mobilidade Erasmus, adquiren o compromiso de divulgar a súa experiencia ao resto de personal/estudante do centro nas súas aulas e reunións.

O Coordinador de RRII da EASD Antonio Failde publicará a resolución da adxudicación das mobilidades na web e tablón de Erasmus da escolar.

## 8. POSIBLES CAUSAS DE EXCLUSIÓN.

As causas da exclusion poden ser globales na participación do programa ou específicas para cada destino:

### CAUSAS GLOBALES

Non estar en active no momento da solicitude.

Solicitude ou documentación incomplete

Puntuación inferior ao mínimo solicitado

Non reunir os requisitos da solicitude

### CAUSAS ESPECÍFICAS POR DESTINOS

Prazas xa cubertas por outros adxudicatarios

Non reunir os requisitos se son necesarios do idioma

## 9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

O Baremo que se aplicará para a adxudicación das prazas de personal sera o seguinte:

1. A Participación por primeira vez no programa de Mobilidade Erasmus.

**Puntuación 1 Pto.**

2. os destinos con baixa mobilidade fronte os países/instrucións máis visitados.

**Puntuación 1 Pto.**

3. A calidade do programa de mobilidade. O programa conterá a lo menos:.

Obxectivos da mobilidade

Valor engadido

Plan detallado dos contidos (STT) a desenvolver durante o period da mobilidade

Resultados e impacto esperados

Plan de diffusion no centro EASD Antonio Failde

**Puntuación máxima 5 Ptos.**

4. Curriculum Vitae EUROPASS.

**Puntuación máxima 3 Ptos.**

5. A implantación e participación nas actividades, programas e proxectos desenvolvidos no centro. Para elo o solicitante debe incorporar relación dos mesmos, certificados se existen...

**Puntuación máxima 2 Ptos.**

6. Participación en proxectos educativos e/ou redes internacionais de interese para EASD Antonio Faílde.

**Puntuación máxima 2 Ptos.**

7. Apoio do programa de mobilidade Erasmus, experiencias internacionais, axuda os estudantes de acollida, docencia en outra linguas... Se pode aportar informes do Coordinador de RRII.

**Puntuación máxima 2 Ptos.**

8. Aportación dun document de invitación asinado pola institución ou empresa de acollida.

**Puntuación máxima 1 Ptos.**

9. Acreditacións en linguas estranxeiras.

**Puntuación máxima 2 Ptos.**

**Para poder ser seleccionado, o candidato deberá obter un mínimo de 7 Ptos.**

**No caso de mobilidades para non docents, só se terán en conta os criterios: 1, 2, 3, 4, 8 e 9**

**E para ser seleccionado neste derradeiro caso deberá obter un mínimo de 4,5 Ptos.**

## **10. RENUNCIAS.**

No caso de renuncia a beca Erasmus concedida, esta deberá ser presentada por escrito ao Coordinador de RRII no prazo de 10 días despois da adxudicación.

Se o solicitante renuncia, sen causa xustificada, sera penalizado e non terá dereito a concesión de becas de mobilidade durante o seguinte curso academic. Entendese como causa xustificada:

- Enfermidades ou accidents do adxudicatario
- Enfermidades ou falecementos de familiares hasta Segundo grao
- Cumprimento dun deber public
- Calquer outra circunstancia e xustificada a xuízo da commission do centro ou de RRII.

## **11. REQUISITOS DA DOCENCIA IMPARTIDA.**

Nesta convocatoria non existe plaza para docencia, pero no caso de atopar un intercambio para impartir docencia, debese notificar a coordinadora de RRII Elena Iglesias e se podería modificar no caso de non existir máis participantes.

## **12. REQUISITOS DA FORMACIÓN RECIBIDA.**

A formación do persoal docente e non docente durante a estancia en institucións de educación superior/empresas/organizacións, deberá reflexarse no programa de mobilidade acordado e asinado por ambas institucións e o adxudicatario. O número de horas mínimo da formación será de 10 horas leitivas semanais.

## **13. AXUDA ECONÓMICA E PAGO.**

Todos os solicitantes seleccionados recibirán ao regreso da estancia, segundo os requisitos da presente convocatoria, o 100% da axuda financeira correspondente a axuda individual (manutención) e a contribución polos gastos da viaxe, non aboando os días da viaxe, agás que sexan lectivos, con certificación expresa do centro de acollida.

O importe da axuda individual será variable dependendo do grupo o que pertenza o país de destino e o importa da axuda do viaxe tamén será variable dependendo dos tramos de distancia publicados pola AN.

**75,00 €/día > AXUDA INDIVIDUAL < 129,00 €/día**

**180,00 €/día > AXUDA DA VIAXE < 1.100,00 €/día**

## 14. PRAZOS.

- SOLICITUDE:** Se establece un único prazo de presentación de solicitudes dende o **Mércores día 4 de Febreiro de 2015** ata o **Mércores día 11 de Febreiro de 2015**. Por motivos de convocatoria especial urxente.
- RESOLUCIÓN:** O coordinador de RRII publicará a resolución provisional nun prazo de 5 días lectivos dende a finalizaación do prazo de entrega das solicitudes.
- ALEGACIÓNS:** O prazo de alegacións será de dous días dempois da publicación da resolución provisional. E se presenta'ra como un escrito na secretaría da escola dirixido a comisión de RRII.
- RENUNCIA:** No caso de renuncia a Beca, se presentará un escrito á coordinación de RRII antes do **27 de Febreiro de 2015**.
- ADXUDICACIÓN:** A resolución será definitiva cando os membros seleccionados presenten o plan de mobilidade aprobado, asinado e sellado polas tres partes (EASD / Institución de destino/ Adxudicatario). Para elo se fixa o **día 15 de Marzo de 2015** como data límite.

## 15. TRÁMITES A SEGUIR AO LONGO DO PROCESO. OBRIGAS.

Unha vez feita a selección dos adxudicatarios, os que acepten as plazas deberán cumprir unha serie de trámites anteriores o inicio da estancia, durante a estancia e ao finalizar a mesma.

Cando un adxudicatario acepta a praza, implica a aceptación do destino adxudicado e renuncia o resto de destinos da convocatoria.

A aceptación da praza supón o coñecemento das condicións da convocatoria, así coma dereiros e obrigas dos participantes.

Para a satisfactoria realización da estancia, é OBRIGA do beneficiario coñecer e cumprir en todo intre os requisitos, trámites, documentación e prazos do proceso establecido pola institución de orixe e de destino.

### ANTES DE COMEZAR A ESTANCIA

**Unha vez publicada a resolución definitiva da convocatoria, os adxudicatarios deben cumprir os seguintes trámites:**

- Asistir a todas as reunións convocadas pola coordinación de RRII
- Tramitar a solicitude de permiso á Dirección Provincial de Educación. Convinte 2-3 semanas antes da estancia.
- Presentar o formulario dos datos bancarios.
- Presentar o programa de traballo e asinado pola institución de acollida.
- Recomendación de seguir os trámites de cobertura sanitarios. Tarxeta Europea...
- Gestionar a viaxe, aloxamento, seguro de asistencia en viaxe, e xestións necesarias para asegurar a permanencia no destino.

**A documentación que o beneficiario levará ao país de destino será a seguinte:**

- Carta de admisión da institución de destino (se hubese).
- Programa da mobilidade.
- Certificado da estancia.
- DNI / Pasaporte
- Traxeta Sanitaria Europea.

### DURANTE A ESTANCIA

**Durante a estancia os adxudicatarios deberán:**

- Incorporarse o centro de destino nas datas previstas, permanecer nel toda a estancia e levar a cabo o plan de mobilidade.
- Contactar coa oficina de RRII no centro de destino en función do tipo de mobilidade.
- Informar a súa chegada a Coordinación de RRII.
- Informar das posibles incidencias na maior brevedade posible.

### NO REGRESO

**Ao finalizar a estancia, deberán cumprir os seguintes requisitos:**

- Certificado de confirmación da estancia polo centro/institución de destino.
- Documentacións xustificativas da viaxe: tarxetas de embarque, billetes, facturas...

**O informe final en liña (cuestionario UE) en función da mobilidade realizada:**

O adxudicatario recibirá un correo electrónico antes da finalización da mobilidade. Por elo é importante que identifique o remitente como seguro e que é un correo que desexa recibir, introducindo a dirección [replies-will-be-discarded@ec.europa.eu](mailto:replies-will-be-discarded@ec.europa.eu) nos seus contactos e que revisen a carpeta de correo non desexado para verificar que non se desviou ningunha documentación importante a esa carpeta. A coordinación deberá ter constancia do envío do cuestionario no momento de presentar a documentación requirida.

Esta primeira convocatoria ten carácter de urxencia,  
xa que existe unha praza de persoal docente,  
para recibir formación durante 5 días no presente curso 2014-2015.  
Todos os documentos necesarios se poderán descargar da páxina web do centro.

**EASD Antonio Faílde**  
Coordinación de Programas Internacionais  
2 de Febreiro de 2015.

